

## **[MOCIÓN AG19] Procesos participativos**

### **Debate político sobre os PPAs**

<b>Moción impulsora do proceso participativo</b>	<b>2</b>
<b>Documento de conclusión do proceso participativo</b>	<b>2</b>
Obxectivos dos PPAs	2
Criterios políticos	2
Con quen asinar o acordo	3
<b>Debates sen resolver que articulan o contido deste proceso participativo</b>	<b>3</b>
De carácter xeral	3
De carácter específico	4

## **Moción impulsora do proceso participativo**

Ínstase o Consello Reitor a que convoque a creación dun proceso participativo, formado por aquelas persoas socias que teñan interese no tema, que teña como obxectivo: o debate político en relación cos PPA, recoller as dificultades para chegar a este tipo de acordos e un primeiro bosquexo, en función do coñecemento compartido e xerado, dun documento marco cos criterios de colaboración comercial que deberíamos asumir.

## **Documento de conclusión do proceso participativo**

### **Obxectivos dos PPAs**

1. Fomentar proxectos de enerxía renovábel en todo o territorio. Facer acción política sobre o territorio para fomentar a creación de proxectos moi concretos (vinculados á soberanía enerxética, en mans da cidadanía) que sexan afíns á ideoloxía de Som Enerxia.
2. Garantir a orixe da enerxía que utilizamos.
3. Diversificar as formas de aprovisionarnos.

### **Criterios políticos**

- Que o Grupo Local forme parte do proceso de recoñecemento do proxecto e a súa valoración teña un impacto real na decisión que finalmente tome o Consello Reitor.
- Ter presente o posicionamento das entidades afíns do territorio.
- Garantir a produción distribuída. Ver de que xeito encaixa cada proxecto na realidade do territorio. Se a medio prazo a enerxía renovábel xa non vai ser un valor engadido, ter en conta de que xeito a proximidade da produción pode ser o valor engadido da cooperativa.
- Que o financiamento sexa preferentemente con banca ética, redes ou cooperativa (entendemos que hai unha tensión entre a realidade de poder comezar cos criterios o máis amplos posíbel e poder respectar a misión e valor da cooperativa).

- Se se realizan PPAs onde a Administración Pública estea involucrada, que non haxa unha finalidade encuberta de privatizar un ben público.
- Que se realicen estudos fiábeis de impacto ambiental e que esta avaliación sexa preponderante á hora de valorar a idoneidade do proxecto.
- Que a medida dos proxectos sexa semellante aos que xestiona o Equipo de Xeración.
- Non contradicir os criterios vixentes do Equipo de Xeración nin os que poidan estar establecidos pola cooperativa.

## Con quen asinar o acordo

- Establecer PPAs con quen garanta principios de sustentabilidade, de coidado dos empregados, etc.
- Axentes da Economía Social e Solidaria
- Proxectos constituídos coa forma de Cooperativa
- Comunidades Locais
- Proxectos de produción en mans de independentes.
- Iniciativas públicas que poidan ter concellos.
- Excedente de autoprodución das persoas socias.
- Entidades preferentemente sen ánimo de lucro

## Debates sen resolver que articulan o contido deste proceso participativo

### De carácter xeral

**Estamos dispostas/os a pagar máis pola enerxía que utilizamos?** Se realmente queremos atender o principio de *producir toda a enerxía que utilizamos* e ir diversificando máis os nosos modelos de aprovisionamento, quere dicir comprar menos volume de enerxía do mercado eléctrico e asumir que os prezos poden chegar a ser maiores que os do mercado (PPAs, custo total de plantas propias, etc.).

Ademais do custo de xestión que podería supor a medida que ampliamos os interlocutores con quen asinamos os PPAs.

Establecer que por PPAs só asumiremos unha porcentaxe específica de aprovisionamento que non comprometa as tarifas xerais da cooperativa para que as persoas usuarias non paguemos prezos máis elevado é un atallo para no afrontar este debate. Se os PPAs comprometen un prezo a longo prazo (a pesar de ter unha marxe que poida variar), pode haber un momento, en función de como flutúe o mercado, en que os prezos de Som Energia se vexan incrementados. **Estamos dispostos a asumilos?**

Manter a referencia do mercado eléctrico como medida para determinar as nosas tarifas colócanos permanentemente nunha conxuntura de inseguridade á hora de asinar estes tipos de acordo. Pois asinar hoxe un prezo «de mercado» a dez anos vista non nos garante que durante estes dez anos o prezo de mercado se reducise e que, polo tanto, na nosa comparación de prezos poidamos ser máis caros. Por outro lado, o proxecto que produce a enerxía precisa o PPA precisamente, dada esta situación, para garantir a viabilidade do seu proxecto. **Onde estamos dispostos/as a pór o punto de equilibrio?**

**Sería un reto de Som Energia ter unha referencia propia do prezo da enerxía que considerásemos xusto?** Estamos dispostos e dispostas a romper coa referencia do mercado eléctrico (pensado cunha lóxica de mercado marxinalista de produción fósil e totalmente desfasada) para deixar de comparar os nosos prezos?

É importante pór en relación este debate e o posicionamento de Som Energia co momento histórico, entender que este será dinámico e cambiante. A medida que evolucione a transición a enerxías renovábeis, ir identificando que **aspectos engaden valor ao noso proxecto** para ter elementos competitivos que dean conta dos prezos que ofrecemos. Estes aspectos detectados poderían facer evolucionar os criterios políticos por agora identificados.

## **De carácter específico**

Plantas que precisan o PPA para construírse e plantas que xa existen e que precisan o PPA para asegurar a súa viabilidade. Utilizamos os mesmos criterios?

Identificamos aquí tamén a tensión entre non ser tan esixentes co existente (pois xa está en marcha e posibelmente non conte con todas as expectativas)

# Asemblea Xeral 2020

mais non ser totalmente laxos e deixar de lado os nosos criterios (poder primar a coincidencia do proxecto cos criterios de Som Enerxia).

A porcentaxe de enerxía da que debemos gobernos mediante PPAs, en relación a que a fixamos?

- Isto responde a unha estratexia que debe definirse a curto, medio e longo prazo. Coberturas de compra (equipos de Finanzas e Aproveitamento)
- Necesidade de realizar unha prospección dos diferentes tipos de empresas e entidades que traballan con PPAs.
- Ademais, requírese dun pouco de práctica e experiencia para poder saber moi ben o que supoñen este tipo de acordos.